



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 194 · Martes, 25 agosto 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial de Ourense

- Anuncio de inicio de expediente de declaración como recurso da sección B (xacementos de orixe non natural) dos residuos mineiros xerados polas minas de Valborraz, no termo municipal de Carballeda de Valdeorras..... 2
- Información pública do acordo de modificación dos estatutos da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense"..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Boborás

- Aprobación definitiva da modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia (PAI)..... 2

##### Carballiño (O)

- Extracto da convocatoria publicada na BDNS para a concesión de axudas destinadas a traballadores/as autónomos/as, microempresas e pequenas empresas..... 13

#### I. III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Empleo e Industria Jefatura Territorial de Ourense

- Anuncio de inicio de expediente de declaración como recurso de la sección B (yacimientos de origen no natural) de los residuos mineiros generados por las minas de Valborraz, en el término municipal de Carballeda de Valdeorras..... 2
- Información pública del acuerdo de modificación de los estatutos de la "Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense"..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Boborás

- Aprobación definitiva de la modificación del Reglamento del Punto de Atención a la Infancia (PAI)..... 8

##### Carballiño (O)

- Extracto da convocatoria publicada na BDNS para a concesión de axudas destinadas a traballadores/as autónomos/as, microempresas e pequenas empresas..... 14



### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial Ourense

Anuncio da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de inicio de expediente de declaración como recurso da sección B (xacementos de orixe non natural) dos residuos mineiros xerados polas minas de Valborraz, no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.

Foi solicitada por Improbros, SL, a declaración como recurso da sección B (xacementos de orixe non natural) dos residuos mineiros xerados polas minas de Valborraz, situados no lugar de Casaio, no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 46 do vixente Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Ourense, 21 de xullo de 2020. O xefe territorial.

Asdo.: Santiago Álvarez González.

#### Consellería de Economía, Empleo e Industria Jefatura Territorial Ourense

Anuncio de la Jefatura Territorial de la Consellería de Economía, Empleo e Industria de inicio de expediente de declaración como recurso de la sección B (yacimientos de origen no natural) de los residuos mineros generados por las minas de Valborraz, en el término municipal de Carballeda de Valdeorras.

Ha sido solicitada por Improbros, SL, la declaración como recurso de la sección B (yacimientos de origen no natural) de los residuos mineros generados por las minas de Valborraz, situados en el pueblo de Casaio, en el término municipal de Carballeda de Valdeorras.

Lo que se hace público en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 46 del vigente Reglamento General para el Régimen de la Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto.

Ourense, 21 de julio de 2020. El jefe territorial.

Fdo.: Santiago Álvarez González.

R. 1.666

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial Ourense

##### Anuncio

Servizo de Emprego e Economía Social

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre depósito de estatutos de asociacións profesionais (Lei 19/1977, do 1 de abril, e Real decreto 416/2015, do 29 de maio) e para os efectos previstos nela, faise público que no correspondente servizo desta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acordouse depositar, con data 30 de xullo de 2020, o acordo de modificación dos estatutos da denominada:

“Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense”

Ámbito territorial: provincial.

Ámbito funcional: o comprendido por empresarios de todos os sectores.

Asinantes: Lois Babarro Alen e Noelia Rodríguez Aparicio  
Este acordo pode ser examinado por calquera persoa que estea interesada.

Ourense, 30 de xullo de 2020. O xefe territorial.

Asdo.: Santiago Álvarez González.

#### Consellería de Economía, Empleo e Industria Jefatura Territorial Ourense

##### Anuncio

Servicio de Empleo y Economía Social

En cumplimiento de lo dispuesto en la normativa legal vigente sobre depósito de estatutos de asociaciones profesionales (Ley 19/1977, de 1 de abril, y Real Decreto 416/2015, de 29 de mayo), y para los efectos previstos en ella, se hace público que, en el correspondiente servicio de esta Jefatura Territorial de la Consellería de Economía, Empleo e Industria, se acordó depositar, con fecha 30 de julio de 2020, el acuerdo de modificación de los estatutos de la denominada:

“Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense”

Ámbito territorial: provincial.

Ámbito funcional: el comprendido por empresarios de todos los sectores

Firmantes: Lois Babarro Alen y Noelia Rodríguez Aparicio

Este acuerdo puede ser examinado por cualquier persona que esté interesada.

Ourense, 30 de julio de 2020. El jefe territorial.

Fdo.: Santiago Álvarez González.

R. 1.811

### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

#### Boborás

##### Anuncio

O Pleno do Concello de Boborás, na sesión que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2020, aprobou provisionalmente o texto da modificación do Regulamento do PAI de Boborás.

O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de bases de réxime local, mediante anuncio no taboleiro de edictos do concello e no BOP de Ourense, do día 24 de febreiro de 2020. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que presentaran alegacións ou reclamacións de ningún tipo, o referido acordo queda elevado a definitivo e publícase a continuación o texto íntegro do regulamento.

Introdución

Obxecto e ámbito de aplicación

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento o PAI do Concello de Boborás, que se configura como establecemento de carácter diúrno e de titularidade municipal.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (en diante PAI) de Boborás.

A finalidade principal do PAI é prestar unha atención de apoio aos/ás pais/nais, titores/as ou representantes legais, sendo un contexto da vida do neno/a; e en ningún caso pretende substituír á familia senón complementala, proporcionando un ambiente de seguridade e afecto, co fin de que poida ir identificándose progresivamente como persoa individual, adquirindo

os primeiros instrumentos necesarios para actuar e sentir que as súas necesidades básicas estean cubertas para, pouco a pouco, adquirir autonomía nos ambientes coñecidos.

Co fin de que todo isto sexa posible faise necesaria unha estreita relación e cooperación entre o centro e as familias, facilitando así a conciliación da vida familiar e laboral e cumprindo deste xeito unha dobre función social e educativa.

Normativa aplicable:

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.

- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil

Capítulo I. Datos do centro

Artigo 1. Definición do centro

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os de atención á infancia no artigo 28, denomínanse aos puntos de atención á infancia (PAI) a aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados nos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou representante legais dos/as nenos/as, de entre 3 meses e 3 anos, cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais, poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Artigo 2. Datos identificativos

Nome do centro: Punto de Atención á Infancia de Boborás.

Enderezo: r/ Evaristo Riande, s/n. (CEIP "Nosa Sra. de Xuvencos). 32514 Boborás.

Teléfono: 988 40 20 30

E-mail: pai@boboras.gal

Directora: M<sup>a</sup> José Vázquez Vázquez

Titularidade:

Entidade titular: Concello de Boborás

Enderezo: r/ Cristóbal Colón, s/n

Teléfono: 988 40 20 08. Fax: 988 40 21 08.

E-mail: administración@boboras.gal.

Nº do Rexistro Único de Entidades Colaboradoras de Servizos Sociais.- RUEPSS: E- 488

Autorizacións concedidas:

Data do permiso de inicio de actividade.- PAI: 4 de decembro de 2006.

Tipo de xestión: directa

Capítulo II. Funcionamento

Artigo 3. Obxectivos do PAI

- Servir de apoio aos pais, titores ou gardadores no coidado dos nenos/as, de entre 3 meses e 3 anos, cando concorran circunstancias socio-laborais que lles impidan ou dificulten a realización desta función, así como atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

- Proporcionar unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia social ou persoal, a través de diferentes programas que garantan o desenvolvemento físico, intelectual e afectivo dos nenos.

- Aproveitar ao máximo as posibilidades de desenvolvemento do/a neno/a potenciándoas a través da acción educativa.

- Potenciar a socialización e a integración, así como a promoción de valores e a igualdade a través da realización de actividades que fomenten a non discriminación.

- Integrar aos/ás nenos/as con problemas de discapacidade, tanto física como psíquica ou sensorial.

- Potenciar a iniciativa do alumnado para que intenten resolver os seus problemas e adquiren maior autonomía, destacando os aspectos de colaboración sobre os de competencia, para inculcar o sentido de grupo.

En canto aos obxectivos específicos para o alumnado serán os que establece o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, no que se establece o currículo en educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Estarán detallados no Proxecto Educativo do Centro.-PEC. Estes están agrupados en tres áreas curriculares: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno e comunicación e representación.

Artigo 4. Capacidade total do centro.

O PAI conta con 20 prazas autorizadas distribuídas nunha única unidade, 0-3 anos, con nenos e nenas desde os 3 meses ata os 3 anos.

Artigo 5. Servizos básicos

Servizo de atención asistencial e educativa: conforme cos obxectivos, principios e fins do currículo do Primeiro Ciclo da Educación Infantil de Galicia, definidos no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil. Inclúe actividades complementarias transversais no currículo, tales como: festividades tradicionais da nosa terra: Samaín, Magosto, Entroido, etc.

Servizo de cociña: prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as.

As familias asinarán autorización para a administración dos alimentos e compromiso de achegalos en perfecto estado de conservación e envasado.

Artigo 6. Sistema de admisión e baixas

1. Admisión

As solicitudes de ingreso no PAI de Boborás facilitaranse no propio centro ou nas oficinas do concello.

As solicitudes, debidamente cubertas, presentaranse no Rexistro Xeral do concello e deberán ir acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou debidamente cotexada.

Documentación:

Agás os/as nenos/as xa matriculadas no PAI en cursos anteriores as solicitudes de matrícula deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- DNI ou pasaporte dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a menor.

- Certificado de convivencia do/a menor e dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais deste, expedido polo concello.

- Libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

- Certificado médico do/a neno/a no que se informe que non padece enfermidade infecto-contaxiosa.

- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.

- 3 fotografías tamaño carné do neno ou nena.

- Autorización por escrito e asinada polos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a neno/a, das persoas que poden recollelo/a finalizada a xornada.

- No caso de que o neno ou nena estea suxeito a algún tipo de tratamento médico que supoña a súa administración no centro, será necesaria a autorización por escrito do/a pai/nai, titor/a ou representante legal para proceder á súa medicación. A autorización deberá indicar as características do tratamento, as horas de administración e a dose. Así mesmo, xunto coa auto-



rización deberá presentarse a receita médica. Non obstante, a dita medicación deberá ser axustada na medida do posible aos horarios nos que o neno ou nena permaneza na casa.

#### Condicións:

- Se a solicitude non se acompañase de toda a documentación que se relaciona no apartado anterior, requirirase ao/á interesado/a para que no prazo de 20 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución previa ditada nos termos do artigo 42 da LRXAP e PAC 30/1992, do 26 de novembro.

- Aqueles nenos e nenas matriculados/as durante o curso anterior renovarán praza automaticamente, se así o desexan.

#### Criterios para a admisión de alumnos no PAI.

Con carácter xeral teranse en conta os seguintes criterios:

a) Que a unidade familiar do/a neno/a para o que se solicita o ingreso estea empadroada no Concello de Boborás, tendo preferencia os empadroados sobre os non empadroados.

b) Que o alumno/a que solicita praza teña un/a irmán/á xa matriculado no PAI.

c) Que a unidade familiar do/a neno/a para o que se solicita o ingreso teña a consideración de familia numerosa, tendo preferencia as familias numerosas sobre as non numerosas.

d) Que a unidade familiar do/a neno/a para o que se solicita o ingreso estea incluída nos programas de intervención familiar da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar, tendo preferencia as familias incluídas nestes programas sobre as non incluídas.

e) Que os/as pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno ou nena se atopen empregados, tendo preferencia as unidades familiares nas que os dous proxenitores estean traballando sobre aquelas nas que só traballe un deles.

f) Respetarase a orde rigorosa de presentación da solicitude no tempo, tendo preferencia as anteriores sobre as posteriores.

g) En todo caso, o Concello de Boborás resérvase unha praza, do total do número de prazas existentes no PAI, para aqueles casos declarados de urxencia social.

h) Unha vez rematado o período de matrícula e cubertas todas as prazas do PAI, só se producirá unha alta nova no caso de que previamente se produza unha baixa. Os criterios de admisión serán os fixados neste apartado.

#### 2. Baixas

As solicitudes de renuncia de praza no PAI facilitaranse no propio centro ou nas oficinas do concello. Estas, debidamente cubertas, presentaranse no Rexistro Xeral do concello. Ver tamén artigo 9.

#### Artigo 7. Procedemento de ingreso

##### Período de matrícula e formalización:

O prazo para a matriculación dos nenos/as no PAI de Boborás establécese dende o 1 de xuño ao 29 de xullo, aínda que se poderá formalizar matrícula en calquera momento do ano sempre que existan prazas dispoñibles. De todos os xeitos, será publicado anualmente no taboleiro de anuncios do concello, así como nas dependencias do centro.

A presentación de solicitudes de matrícula fóra dos prazos establecidos, e sempre que o número de prazas no PAI estivese completo, serán tramitadas para a súa inclusión nunha lista de espera. No momento de producirse unha vacante estes serán informados vía telefónica e publicarase no taboleiro de anuncios do concello.

Contra a resolución das solicitudes, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a mesma Alcaldía, no prazo de 1 mes, ou ben poderán impugnar directamente esta ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de 2 meses.

Unha vez que o/a neno/a estea admitido/a no PAI entregaranse unha serie de formularios que deben completar para formalizar a matrícula:

- Unha pequena entrevista.

- Cartilla das vacinas actualizada.

- Autorización de quen pode recoller o/a neno/a.

- O regulamento.

- Autorización/non autorización para o uso de imaxes.

- Outro tipo de información (normas de seguridade e hixiene, adaptación,...).

#### Artigo 8. Calendario e horarios de funcionamento

O PAI permanecerá aberto todos os días do ano, agás sábados, domingos e festivos (outros como o 24 e 31 de decembro,...) en horario de 8.00 á 15.00 horas.

Durante o mes de agosto, o PAI permanecerá pechado por vacacións do persoal e limpeza xeral.

Tanto o calendario laboral anual, como o horario de apertura e peche do centro estarán expostos no taboleiro de anuncios do PAI. E no caso de producirse algún cambio por algún tipo de imprevisto as familias serán informadas con tempo suficiente.

#### Artigo 9. Causas de baixa

a) Incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no PAI.

b) Por solicitude dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a menor.

c) A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados coa solicitude.

d) A incompatibilidade ou inadaptación absoluta do/a neno/a ao centro.

e) Por incumprimento reiterado das normas do PAI.

f) Por negativa a aboar a tarifa aplicada, como se indica na Ordenanza municipal de data 4 de outubro de 2011, no artigo 6: "O pagamento das cotas mensuais realizarase durante a primeira semana de cada mes. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas leva consigo a perda do dereito á prestación do servizo".

As baixas que se produzan ao longo do curso, por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas coas solicitudes que se atopen en lista de espera e segundo os criterios de admisión fixados no apartado anterior do presente regulamento.

#### Artigo 10. Réxime de entradas/saídas

O horario de entrada/saída será libre dentro do horario do PAI.

Para unha mellor atención ao alumnado evítanse entradas e saídas das 12.30 ás 13:30 horas (comida).

No referente a posibles saídas do centro co persoal educativo, as familias serán informadas e deberán asinar o consentimento.

#### Artigo 11. Período mínimo de adaptación

O período de adaptación é o tempo que transcorre dende que os nenos e nenas chegan por primeira vez ao centro ata que se desenvolven con normalidade dentro del.

Deste xeito adquire a nivel pedagóxico unha grande importancia, polo que consideramos que este período de adaptación é fundamental para sentar unhas bases firmes e sólidas sustentadas na confianza mutua e na comunicación entre os/as nenos/as, educadores/as e familias. Convidando ás familias a expor calquera tipo de dúbida ou aclaración en relación con este proceso.

De aí a necesidade de organizar un adecuado período de adaptación en colaboración coas familias para que a entrada á escola sexa o menos traumática posible; isto dependerá de cada neno/a e de cada situación familiar.



Esta incorporación á escola será progresiva. Como mínimo durante unha quincena na que se irán aumentando os tempos de permanencia e se graduará a incorporación dos/as nenos/as en distintos días, podendo aumentar ou diminuír este período en función das necesidades específicas de cada neno/a.

Ao comezo do novo curso acordarase coas familias unha readaptación se fose preciso.

### Capítulo III. Estrutura organizativa

#### Artigo 12. Organización interna

O centro conta con dúas mestras-educadoras que están en posesión da titulación ou habilitación/acreditación correspondente segundo a normativa vixente. Ademais de persoal para a limpeza e mantemento do PAI dependentes do Concello de Boborás.

#### Artigo 13. Procedemento para substitucións e imprevistos do persoal

O procedemento para a substitución e imprevistos do persoal realizarase mediante chamamento pola lista de espera confeccionada no procedemento selectivo.

### Capítulo IV. Normativa referente a todo o persoal

#### Artigo 14. Dereitos e obrigas do persoal

Son dereitos do persoal:

- Recibir regularmente información da marcha e do funcionamento do PAI, a través do/a director/a responsable.
- Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do PAI e a atención prestada aos menores
- Para o persoal educativo, desenvolver as súas funcións educativas de conformidade co establecido na programación xeral anual, no proxecto educativo e na lexislación vixente. A que lle sexan proporcionados, dentro das posibilidades do PAI, os recursos e os medios precisos para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio do alumnado que ten ao seu cargo.

Son obrigas do persoal:

- Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o presente regulamento.
- Velar polo respecto aos dereitos dos e das menores recollidos no presente regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.
- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos e das menores e das súas familias aos que teñan acceso en razón das súas funcións.
- Cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo. O persoal educativo deberá desenvolver o seu labor de acordo co marco lexislativo vixente para o tramo de idade de 3 meses a 3 anos.

#### Artigo 15. Funcións do persoal

Director/a:

- Desenvolver o traballo administrativo que leve consigo o exercicio das súas funcións.
- Representación oficial da administración no centro, servindo de enlace entre o concello e o PAI.
- Garantir a atención e o coidado ao alumnado durante a estancia no centro.
- Orientar e dirixir todas as actividades do centro.
- Coordinación xeral, dinamización e animación da acción educativa.
- Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento do alumnado.
- Programar, preparar e realizar, xunto co equipo educativo, as actividades.
- Atender e informar aos pais, tutores e representantes legais.
- Mostrarlle as familias dos/as alumnos/as de novo ingreso o centro e informarlles da súa organización e funcionamento.

- Coordinar e realizar o proxecto educativo do centro, a programación xeral anual e a correspondente memoria anual, en colaboración co persoal do centro.

- Supervisar e coordinar o correcto desenvolvemento das actividades programadas.

- Planificar o período de adaptación en coordinación coa familia.

- Velar polo bo uso das instalacións e materiais.

Persoal de apoio

- Colaborar en cantas accións ou situacións favorezan a consecución do proxecto educativo.

- Coordinarse coa encargada do centro para planificar e desenvolver a marcha do curso.

- Atender todas as situacións que estean relacionadas co proceso de desenvolvemento integral do/a neno/a: afectivas, hixiénicas, alimentarias, de descanso, de relacións sociais e co contorno, desenvolvemento cognitivo, expresivo e momento evolutivo no que se encontra.

- Detectar as necesidades do alumnado. Maior interese nos casos especiais.

- Realizar un seguimento individual do alumnado mediante unha observación directa valorando os seus procesos en todos os aspectos e intentando desenvolver todas as súas capacidades.

- Velar pola seguridade e benestar físico do alumnado.

- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

Persoal de limpeza e mantemento

Persoal adscrito ao Concello de Boborás do cal depende este centro. As súas funcións serán manter limpo e hixienizado o centro (persoal de limpeza) e reparar os posibles danos no centro (persoal mantemento).

### Capítulo V. Normativa referente aos nenos/as

#### Artigo 16. Dereitos e obrigas dos/das nenos/as

Dereitos

- A recibir unha atención sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión ou calquera outra circunstancia social ou persoal.

- Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto polo persoal do centro como por parte dos demais usuarios.

- Ao sxiro profesional acerca dos seus datos persoais e que constan no centro.

- Á participación dos pais, tutores ou representantes legais nas actividades lúdicas que se programen no centro (festas, contatos etc..).

- A ser informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pedir explicacións de canto afecte á súa posible educación.

- A realizar visitas por parte dos pais, tutores ou representantes legais dos menores ás instalacións e entrevistas persoais antes de comezar o curso escolar e ao longo deste, e sen entorpecer o transcurso normal das actividades.

Obrigas:

- A cumprir as normas sobre utilización do PAI establecidas neste regulamento.

- A observar, tanto polos menores como por parte dos seus pais, tutores e representantes legais, unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

- A participar na vida do centro, de acordo co que dispón este regulamento.

#### Artigo 17. Normas de funcionamento

##### 1. Normas de seguridade e hixiene

- Os nenos/as deberán acudir ao PAI en condicións de saúde e hixiene que non impliquen riscos para si mesmos, nin para os



outros nenos/as, non admitíndose aqueles que padezan enfermidades infecto-contaxiosas en fase aguda de contaxio.

- A aparición de enfermidades deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais ao persoal do centro.

- No caso de observarse, no propio centro, síntomas dun proceso infecto-contaxioso ou febril nun neno/a avisarase aos seus pais/nais, titores/as ou representantes legais para que o veñan a recoller, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os/as demais menores.

- O/a neno/a permanecerá na casa cando tivese máis de 38°C de febre, diarrea (máis de 3 deposicións anormais ao día), vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, parotidite, sarampelo, varicela, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece no centro seranlles comunicados ás familias e estas deberán recoller aos/ás nenos/as na maior brevidade posible.

- O reingreso no centro só será posible logo de informe médico previo que acredite que o/a neno/a xa non padece enfermidade e non supón un risco infecto-contaxioso para os demais alumnos do centro.

- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois da primeira atención in situ, e coa maior brevidade posible, poñerase tal circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais dos menores e procurarase, se é o caso, de que o/a neno/a reciba a atención médica oportuna, estando facultado, nestes supostos, o persoal do centro para poder desprazarse co menor a un centro médico.

- Os/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as menores deberán evitar facer coincidir o horario de medicación coa estadias do neno ou nena no centro; xa que, como norma xeral, non se lle administrarán medicamentos ao alumnado salvo excepcións ben xustificadas. Para os ditos supostos en que se deba administrar ao menor algún tipo de medicación, ademais da correspondente autorización por escrito por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais deste, nos que conste a hora da toma e a dose, é necesario a correspondente receita médica actualizada na que conste: nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose, periodicidade na administración e data.

- Os pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a menor deberán proporcionarlle ao PAI, para unha axeitada atención e hixiene do neno/a, o seguinte material:

- Unha muda completa
- Un mandilón (serán informados cando sexa necesario)
- Cueiros (para os nenos/as que o precisen)
- Toalliñas (que deberán ser repostas cando se esgoten).
- Babeiros
- Un vaso de plástico
- Unha culler
- Unha gorra
- Para durmir (no caso dos bebés): unha saba baixeira, unha manta e un protector ou similar para o berce (todo isto será levado para a casa para lavar cando sexa necesario). Se o bebé acostuma a durmir con manta, chupete, peluche, etc..., tamén se deberá proporcionar ao centro para non cambiar moito a rutina.

## 2. Normas de nutrición

- A comida (se ten que comer no centro).

- No caso de tratarse de puré, este deberá traer unha etiqueta na que se indique o nome do neno/a e que contén o puré (ex.: polo con verduras e arroz,...) ademais da data na que se fixo.

- No caso de bebés que tomen biberón traerase un biberón e todo o necesario para preparalo (auga, leite e cereais dosificados) ademais de informar ao persoal das horas de tomas e de sono.

## 3. Normas de convivencia

- Os nenos e nenas deberán acudir con roupa cómoda (evitando petos e tirantes).

- Procurarase non traer xoguetes, pulseiras ou colares que se poidan perder ou romper.

- O centro, nin o persoal do centro nin o concello se fará cargo nin responsable.

- Todo este material estará marcado co nome do neno/a.

- Ausencia: cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou a outras circunstancias, os pais, titores ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

- Os pais, nais, titores/as e representantes legais poñerán en coñecemento do centro calquera circunstancia persoal do/a neno/a que esixa unha especial atención.

- Os nenos e nenas non poderán levar lambetadas ao centro, agás en casos de celebracións e para compartir cos/coas compañeiros/as.

Ademais traerá o seguinte material:

- Libro de fichas con características que serán fixadas pola dirección do PAI (para os nenos/as de entre 2 e 3 anos). Serán informados cando sexa necesario.

- Diverso material escolar do que serán avisados no momento en que o precisen.

## Artigo 18. Uso das dependencias e materiais

O PAI ten un andar baixo de 80,60 m2 distribuídos da seguinte forma: vestíbulo, cociña, aseo do persoal, despacho de dirección, sala de descanso, sala de xogo e traballo, zona de cambiador e aseo dos/as nenos/as.

Os xoguetes, materiais e equipamento son atraumáticos, atóxicos, lavables e axeitados as idades do alumnado. As actividades educativas que se realizan son indicadas ás idades e realízanse conforme co establecido no proxecto educativo.

## Artigo 19. Uso da lingua

No PAI usarase a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e coidando que os/as nenos/as adquiren a outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa.

Ademais o centro conta cun plan xeral de normalización da lingua galega.

Na medida do posible, fomentase unha primeira aproximación á lingua estranxeira, especialmente para aqueles/as nenos/as do último tramo de idade.

## Artigo 20. Promoción da igualdade entre os/as nenos/as

O PAI debe promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as cativos/as. Verase reflectido en tódalas actividades, nos materiais de traballo e no comportamento de todo o persoal da escola. Prestando especial atención ao fomento e respecto pola interculturalidade, como instrumento de superación das desigualdades, prexuízos e racismo.

## Artigo 21. Promoción da integración

O PAI promoverá a integración dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais, fomentando deste xeito a igualdade e o respecto como valores esenciais da convivencia na relación con outros/as nenos/as, na adquisición de valores, hábitos y pautas de conduta que favorezan a autonomía persoal.

Existirá unha estreita colaboración entre o equipo da escola en coordinación co equipo de atención temperá da Mancomunidade de Concellos. E se fose posible con outros equipos competentes en materia educativa.

## Capítulo VI. Normativa referente á familia

### Artigo 22. Dereitos e obrigas dos pais/nais, titores/as e representantes legais

#### Dereitos

a) A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o PAI por vontade propia.

b) A asociarse, se fose o caso, co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades da escola.

c) A ter información de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto dos/as menores e a pedir explicación de canto afecte á súa propia educación.

d) A participar nas actividades previamente planificadas polo persoal docente, tanto relacionadas coas festas tradicionais como de calquera outra índole.

e) A ter acceso á documentación interna do PAI: plan de auto-protección (actuación para casos de emerxencia), póliza de responsabilidade civil e de accidentes, proxecto educativo, programación xeral anual, memoria anual, libro de reclamacións e ao expediente individual do/a seu/súa neno/a.

#### Obrigas

a) Cumprir as normas que estableza o PAI para o seu bo funcionamento, recollidas no presente regulamento.

b) Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

c) Participar na vida do PAI, de acordo co que se dispoña neste regulamento.

d) Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o alumnado abandone o PAI.

### Artigo 23. Participación das familias.

A Dirección do PAI fomentará a colaboración das familias co PAI e as relacións co persoal deste.

Os/as pais/nais, titores/as e representantes legais poderán solicitar unha reunión coa Dirección de conformidade co horario establecido para tal fin. Para iso, a Dirección informará por escrito, ao principio do curso, dos horarios de atención aos pais, nais, titores/as ou representantes legais dos/as nenos/as.

Porase a disposición das persoas usuarias un libro de reclamacións.

Desde o PAI promoveranse intercambios de información informais.

As familias, representantes legais e titores dos/as nenos/as participarán na vida do PAI de diversas maneiras: actividades, saídas, obradoiros, etc., que serán organizados e convocados en tempo e forma pola Dirección do PAI. Ensinaráselles as instalacións e daráselles as explicacións que se consideren de interese para as familias. Daráselle unha listaxe cos materiais que fan falta tanto educativos como hixiénicos.

### Artigo 24. Instrumentos de información aos/ás pais/nais, titores ou representantes legais

A relación cos/coas pais/nais/representantes legais deberá ser fomentada pola Dirección do PAI e terá como principais obxectivos:

- Transmitir mutuamente información sobre actitudes e comportamentos dos/as nenos/as.

- Compartir opinións sobre incidentes, preocupacións, actividades, etc.

## Capítulo VII. Réxime de cobramento

### Artigo 25. Prezos públicos

Segundo a Ordenanza municipal reguladora do prezo público pola asistencia e estancia no Punto de Atención á Infancia no Concello de Boborás, establécese o seguinte, de conformidade

co disposto nos artigos 127 e 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

#### Cota tributaria e aplicación da taxa:

Establécese como cota, consistente nunha tarifa única de 30 €/mes para cada neno/a usuario/a do PAI.

Aqueles veciños/as non empadroados no municipio terán unha recarga na cota dun 50% sobre o prezo estipulado.

Cando por causa non imputable ao interesado/a, o/a alumno/a se incorpore ao PAI calquera día hábil posterior ao día 15 do mes que corresponda, aboarase no devandito mes o 50% da cota mensual correspondente, conforme cos apartados anteriores deste artigo.

O pago das cotas mensuais realizarase durante a primeira semana de cada mes. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas leva consigo a perda do dereito á prestación do servizo.

#### Exencións e bonificacións:

No caso de enfermidade grave, ingreso en hospital ou operación cirúrxica que leve consigo a falta de asistencia durante un mes continuado, aplicarase unha bonificación do 100% da cota mensual, debendo acreditarse en calquera caso.

No caso de ter un irmán no PAI ou escola infantil, aplicarase unha bonificación do 50% da cota mensual.

No caso de pertencer o/a neno/a a unha familia numerosa, aplicarase unha bonificación do 25% na cota mensual.

En caso de familias monoparentais con fillo a cargo, aplicarase unha bonificación do 35% da cota mensual.

O equipo técnico estudará os casos nos cales, excepcionalmente, se poderá aplicar unha bonificación do 100% da cota mensual.

Os alumnos/as do PAI non poderán beneficiarse de máis dunha bonificación de xeito simultáneo.

### Artigo 26. Forma de pagamento

Os pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria ou pagamento no número de conta e entidade bancaria que se indica no recibo.

O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no punto 3 deste artigo, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos nos que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días seguintes á data de ingreso.

As persoas usuarias non terán a obriga de aboar a cota durante os períodos do mes de vacacións e cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

## Capítulo VIII. Normativa referente á infraestrutura do centro

### Artigo 27. Medidas de seguridade e hixiene

- O centro réxese segundo o disposto na Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, e no Real Decreto 39/1997.

- O centro conta con detectores de fumes, antipillados en todas as dependencias, alarma de incendios, ...

- O centro posúe unha caixa de primeiros auxilios e realizan periodicamente desinfección desinsectación e desratización (DDD).

#### Disposición última

Para o non previsto no presente regulamento, estarase ao disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no Decreto 254/2011, sobre réxime de autorización e acreditación e inspección dos centros prestadores de servizos sociais, Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e a





Lei 30/1992, do réxime xurídico da administración pública e do procedemento administrativo común.

Disposición derogatoria única

Queda derogado o Regulamento de organización e funcionamento do PAI de Boborás aprobado en Pleno, o 25 de abril de 2006, e publicado no BOP de Ourense n.º 154, do 6 de xullo de 2006.

Boborás, 5 de agosto de 2020. A alcaldesa.

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

### Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento de Boborás, en sesión celebrada el día 30 de enero de 2020, aprobó provisionalmente el texto de la modificación del Reglamento del PAI de Boborás.

El expediente fue sometido a información pública por el plazo de treinta días hábiles, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 49 de la Ley de Bases de Régimen Local, mediante anuncio en el tablón de edictos del ayuntamiento y en el BOP de Ourense del día 24 de febrero de 2020. Una vez transcurrido dicho plazo sin que se haya presentado alegación o reclamación de ningún tipo, el referido acuerdo queda elevado a definitivo y se publica a continuación el texto íntegro del reglamento.

Introducción

Objeto y ámbito de aplicación

Constituye el ámbito de aplicación del presente reglamento, el PAI del Ayuntamiento de Boborás, que se configura como establecimiento de carácter diurno y de titularidad municipal.

El presente reglamento tiene por objeto establecer la organización y funcionamiento del Punto de Atención a la Infancia (en adelante PAI) de Boborás.

La finalidad principal del PAI es prestar una atención de apoyo a los/as padres/madres, tutores/as o representantes legales, siendo un contexto de la vida del niño/a, y en ningún caso pretender sustituir a la familia sino complementarla, proporcionando un ambiente de seguridad y afecto, a fin de que puedan ir identificándose progresivamente como personas individuales, adquiriendo los primeros instrumentos necesarios para actuar y sentir que sus necesidades básicas estén cubiertas para, poco a poco, adquirir autonomía en los ambientes conocidos.

Con el fin de que todo esto sea posible se hace necesaria una estrecha relación y cooperación entre el centro y las familias, facilitando así la conciliación de la vida familiar y laboral, cumpliendo de este modo una doble función social y educativa.

Normativa aplicable:

- Decreto 254/2011, de 23 de diciembre, por el que se regula el régimen de registro, autorización, acreditación e inspección de los programas y de los centros de servicios sociales, artículo 7 b) del referido decreto que establece como uno de los requisitos funcionales el disponer de unas normas de funcionamiento.

- Decreto 329/2005, de 28 de julio, por el que se regulan los centros de menores y los centros de atención a la infancia.

- Decreto 330/2009, de 4 de junio, por el que se establece el currículo de Educación Infantil.

Capítulo I. Datos del centro

Artículo 1. Definición del centro

Según el Decreto 329/2005, de 28 de julio, por el que se regulan los centros de menores y los de atención a la infancia en el artículo 28, se denominan a los puntos de atención a la infancia (PAI) a aquellos establecimientos de carácter diurno y titularidad municipal, encuadrados en los servicios sociales especializados en los ayuntamientos, que tienen como finalidad

prestar una atención de apoyo a los padres, tutores o representante legales de los/as niños/as de entre 3 meses y 3 años, cuando concurren situaciones o circunstancias que les impidan su cuidado. Además, podrán atender aquellos casos que respondan a necesidades puntuales.

Artículo 2. Datos identificativos

Nombre del centro: Punto de Atención a la Infancia de Boborás

Dirección: c/ Evaristo Riande, s/n. ( CEIP "Nosa Sra. de Xuvencos). 32514 Boborás

Teléfono: 988 40 20 30

E-mail: pai@boboras.gal

Directora: M<sup>a</sup> José Vázquez Vázquez

Titularidad:

Entidad titular: Ayuntamiento de Boborás

Dirección: c/ Cristóbal Colón, s/n

Teléfono: 988 40 20 08. Fax: 988 40 21 08.

E-mail: administración@boboras.gal.

Nº Registro Único de Entidades Colaboradoras de Serv. Sociales.- RUEPSS: Y- 488

Autorizaciones concedidas

Fecha de permiso de inicio de actividad.- PAI: 4 de diciembre de 2006.

Tipo de gestión: directa

Capítulo II. Funcionamiento

Artículo 3. Objetivos del PAI

- Servir de apoyo a los padres, tutores o guardadores en el cuidado de los/as niños/as de entre 3 meses y 3 años, cuando concurren circunstancias socio-laborales que les impidan o dificulten la realización de esta función, así como atender aquellos casos que respondan a necesidades puntuales.

- Proporcionar una atención integral sin distinción de raza, sexo, religión o cualquier otra circunstancia social o personal. A través de diferentes programas que garanticen el desarrollo físico, intelectual y afectivo de los mismos.

- Aprovechar al máximo las posibilidades de desarrollo del/a niño/a potenciándolas a través de la acción educativa.

- Potenciar la socialización y la integración, así como la promoción de valores y la igualdad a través de la realización de actividades que fomenten la no discriminación.

- Integrar a los/as niños/as con problemas de discapacidad, tanto física como psíquica o sensorial.

- Potenciar la iniciativa del alumnado para que intenten resolver sus problemas y adquieran mayor autonomía, destacando los aspectos de colaboración sobre los de competencia, para inculcar el sentido de grupo.

En cuanto a los objetivos específicos para el alumnado serán los que establece el Decreto 330/2009, de 4 de junio, en el que se establece el currículo en educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia, estarán detallados en el Proyecto Educativo del Centro - PEC. Estos están agrupados en tres áreas curriculares: conocimiento de sí mismo y autonomía personal, conocimiento del entorno y comunicación y representación.

Artículo 4. Capacidad total del centro.

El PAI cuenta con 20 plazas autorizadas distribuidas en una única unidad, 0-3 años, con niños y niñas desde los 3 meses hasta los 3 años.

Artículo 5. Servicios básicos

Servicio de atención asistencial y educativa: conforme a los objetivos, principios y fines del currículo del primer ciclo de la educación infantil de Galicia, definidos en el Decreto 330/2009, de 4 de junio, por el que se establece el currículo de Educación Infantil. Incluye actividades complementarias



transversales en el currículo, tales como: festividades tradicionales de nuestra tierra: Semaín, Magosto, Carnaval, etc.

Servicio de cocina: prestación consistente en la aportación de los medios personales y materiales necesarios para la adecuada distribución y consumo de los alimentos que traen los/as propios/as usuarios/as.

Las familias firmarán autorización para la administración de los alimentos y compromiso de aportarlos en perfecto estado de conservación y envasado.

#### Artículo 6. Sistema de admisión y bajas

##### 1. Admisión

Las solicitudes de ingreso en el PAI de Boborás se facilitarán en el propio centro o en las oficinas del ayuntamiento.

Las solicitudes, debidamente cubiertas, se presentarán en el Registro General del ayuntamiento y deberán ir acompañadas de la siguiente documentación, original o debidamente compulsada.

##### Documentación:

Excepto los/as niños/as ya matriculados en el PAI en cursos anteriores, las solicitudes de matrícula deberán ir acompañadas de la siguiente documentación:

- DNI o pasaporte de los padres/madres, tutores/as o representantes legales del/la menor.
- Certificado de convivencia del/la menor y de los/as padres/madres, tutores/as o representantes legales del mismo, expedido por el ayuntamiento.
- Libro de familia o, en su defecto, otro documento que acredite oficialmente la situación familiar.
- Certificado médico del/la niño/a, en el que se informe que no padece enfermedad infecto-contagiosa.
- Fotocopia de la cartilla de la Seguridad Social o documento equivalente del/la menor.
- 3 fotografías tamaño carné del/la niño o niña.
- Autorización por escrito y firmada por los/as padres/madres, tutores/as o representantes legales del/la niño/a, de las personas que pueden recogerlo/a finalizada la jornada.
